

A Asociación OF Outono Fotográfico, a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo convocan o XIII PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA, de acordo co seguinte

REGULAMENTO

PRIMEIRO | *Obxecto*

Promover a fotografía contemporánea e as cuestións éticas que suscita, en xeral, a arte contemporánea respecto das formas de dominación e a imposición de límites ao pensamento. Promover a creación dun espazo fotográfico en Galicia que complemente o creado durante máis de tres décadas polo Festival Outono Fotográfico mediante o incentivo de propostas de carácter visual-fotográficas **ou daquelas outras que se encadren no ámbito do «Fotográfico», no sentido máis ampliado do termo**, por parte de autores/as tanto nacionais como estranxeiros.

Poderá participar calquera autor ou autora que traballe coa fotografía e o fotográfico con independencia da súa nacionalidade, tendo en conta que no fallo do Xurado e no da organización pesará de modo especial a súa inserción no discurso da fotografía contemporánea.

SEGUNDO | *Premios*

Para atender a cada un dos dous enfoques sinalados, establécense dous premios aos que optarán todas as propoostas inscritas no certame:

1. Premio do Xurado

consistente na PRODUCCIÓN DUNHA EXPOSICIÓN e/ou PUBLICACIÓN DUN LIBRO

1a. PRODUCCIÓN DUNHA EXPOSICIÓN. Co proxecto fotográfico premiado produciríase unha exposición temporal que se inauguraría entre os meses **de decembro de 2025 e febreiro de 2026**. As características técnicas serán fixadas pola organización do certame en función da propia obra e do límite orzamentario. **A exposición será producida pola «Asociación OF. Outono Fotográfico» que nomeará un curador responsable do deseño, edición e dimensionado da mesma.**

1b. PUBLICACIÓN DE LIBRO. Poderase editar un libro que formaría parte da serie «PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁ-NEA» da colección «OF» **do selo editorial de Difusora de Letras Artes e Ideas, editorial que nomeará ao editor/a e deseñador/a do libro** que se distribuirá nas librarías.

1c. ITINERANCIA. A exposición será inaugurada en Lugo e poderá itinerar durante dous anos. Tamén podería ser parte da programación que elaboren a tal efecto tanto a Deputación de Lugo como a Xunta de Galicia.

2. Premio da Organización

consistente na PRODUCCIÓN DUNHA EXPOSICIÓN e a PUBLICACIÓN DUN CADERNO

2a. PRODUCCIÓN DUNHA EXPOSICIÓN Produción dunha exposición na Sala Alterarte do Campus de Ourense que se **inaugurará en novembro de 2026 e clausurará en xaneiro de 2027**. As características técnicas serán fixadas pola organización do certame en función da propia obra e do límite orzamentario. **A exposición será producida pola «Asociación OF. Outono Fotográfico» que nomeará un curador responsábel do deseño, edición e dimensionado da mesma.**

2b. PUBLICACIÓN DUN CADERNO. Formaría parte da serie «PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA» da colección «OF» **do selo editorial de Difusora de Letras Artes e Ideas, editorial que nomeará ao editor/a e deseñador/a do caderno** que se distribuirá nas librarías xunto coa publicación anterior.

TERCEIRO | Características do proxecto a presentar

As/os autoras/es participantes deberán presentar un proxecto fotográfico realizado en calquera data comprendida entre **setembro de 2015 e setembro de 2025**, e que non fora subvencionado ou becado na súa totalidade anteriormente noutro certame, nin editado na súa totalidade en calquera soporte, con enteira liberdade respecto ao tema e á técnica.

CUARTO | Prazo de presentación e condicións

O prazo de presentación das obras será do **24 de xullo ao 22 de setembro de 2025**

Os proxectos presentaranse a través da plataforma <https://www.picter.com>

QUINTO | Documentación a presentar

1. Sinopse e/ou texto autoral de non máis de 2.500 caracteres. Poderá conter enlaces á web da autora ou autor, a vídeos, a outras imaxes do proxecto presentado ou a outros proxectos.

2. Un máximo de 15 imaxes do proxecto. As imaxes terán polo menos 3.000 píxeles na súa medida máis longa e formato JPG.

3. Biografía da autora ou autor cun máximo de 1500 caracteres. Pode conter enlaces a web, redes sociais ou a un CV ou BIO ampliada.

SEXTO | Composición do Xurado.

1 persoa que nomee a Xunta de Galicia [entidade patrocinadora]

1 persoa que nomee a Deputación de Lugo [entidade patrocinadora]

Vítor Nieves. Curador, profesor, editor e fotógrafo. Coordinador do Premio.

Xosé Lois Vázquez. Fotógrafo, deseñador e editor. Presidente da «Asociación OF.

Outono Fotográfico».

3 persoas que procederán dos ámbitos seguintes:

1. galerista ou editora/or especializado en fotografía

1. curadora/or ou crítica/o con experiencia no mundo da fotografía

1. fotógrafo/o

Secretario con voz e sen voto, Pablo González Prieto. Secretario da «Asociación OF.

Outono Fotográfico»

SÉTIMO | Proceso de selección de obras e publicidade do fallo

1. O Xurado fará a **selección de cinco proxectos, que serán os finalistas.**

2. A organización, «Asociación OF. Outono Fotográfico» **elixirá un único proxecto**

Os nomes das 6 autoras ou autores **daranse a coñecer o 30 de setembro de 2025** na web

www.otonofotografico.com e nas **redes sociais da «Asociación OF. Outono Fotográfico»**. A

selección realizarase atendendo á linguaxe visual, á calidade fotográfica e á contemporaneidade dos

proxectos. **No premio da organización valoraranse aspectos que teñan que ver dende a indagación da**

linguaxe fotográfica ata os elementos dos procesos de posta en circulación da Fotografía.

48 horas despois o Xurado designará ao gañador ou gañadora de entre os finalistas, e o seu nome será publicado nas mesmas canles citadas máis arriba.

O fallo do Xurado e a organización serán inapelables. A organización só contactará directamente cos autores ou autoras gañadores/as.

OITAVO | Realización do proxecto

As gañadoras/ores comprométense á entrega do conxunto de imaxes, textos ou obxectos que **conformen os seus proxectos antes do día 14 de outubro de 2025.** A organización poderá poñerse

en contacto con eles para supervisar o traballo realizado. A «Asociación OF. Outono Fotográfico»

designará unha persoa que apoie ou titorice os proxectos gañadores -e, a tal efecto, poderase solicitar ás gañadoras/ores material adicional- así como un curador para as exposicións.



NOVENO | *Exposición e edición do libro*

A exposición do Premio do Xurado produciríase logo de ter entregado o traballo de xeito que estea **lista para a súa inauguración despois do 20 de decembro de 2025**. Paralelamente **prepararíase o libro**.

DÉCIMO | *Aceptación do Regulamento*

A participación no PREMIO GALICIA DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA supón a plena aceptación do presente regulamento e, no previsto no mesmo, estarase ao que dictamine o Xurado, que terá un fallo inapelable.